

ÍNDICE

1. Normativa de referencia para a elaboración do plan.
2. A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.
3. Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.
4. Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.
5. O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
6. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.
7. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.
8. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.
9. As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.
10. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
11. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
12. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

ANEXOS

[Anexo 1 : Composición da comisión de convivencia e réxime de funcionamento \(artigo 6 do Decreto 8/2015\)](#)

[Anexo 2 : NOF](#)

[Anexo 3: Protocolo identidade de xénero\)](#)

[Anexo 4 : Prevención do acoso e do ciberacoso](#)

[Anexo 5: Prevención do risco suicida](#)

[Anexo 6: Programa de Habilidades sociais](#)

1. NORMATIVA DE REFERENCIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.-

O **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar** é a norma que regula o Plan de convivencia nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo tanto constitúe o marco normativo que guía a elaboración deste documento.

Neste decreto **defínese a convivencia escolar como “a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa”**.

A convivencia, no ámbito da educación “ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, debe ser “unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa”.

O **plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados**. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

No IES de Ortigueira, co fin de facer un documento adaptado á norma, e tamén coa idea de que poida ser unha ferramenta útil para toda a comunidade educativa trataremos de respectar a estrutura establecida, e de reunir nun mesmo texto toda a documentación ou ligazóns necesarias para poder intervir na comunidade coas responsabilidades establecidas para as diferentes persoas e sectores.

Artigo 11. Obxecto, fins e principios do plan de convivencia

1. O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

2. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e

actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

3. O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.

4. Os centros docentes privados concertados elaborarán os respectivos plans de convivencia tendo en conta as súas peculiaridades.

5. A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son:

- a) O proxecto educativo do centro.
- b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
- c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.
- d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
- e) A programación xeral anual.

Artigo 12. Obxectivos xerais do plan de convivencia

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Artigo 13. Estrutura do plan de convivencia

O plan de convivencia presentará, como mínimo, a seguinte estrutura:

- a) A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.
- b) Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.
- c) Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.
- d) O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- e) Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.
- f) Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.
- g) Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.
- h) As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.
- i) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- j) Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
- m) Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Artigo 14. Análise ou diagnóstico da situación da convivencia no centro

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, a conflictividade detectada neste. Recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.
- b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.
- c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.
- d) Conflictividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.
- e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Artigo 15. Actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade

Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes:

1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións

docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

4. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir, de conformidade co establecido neste decreto.

5. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

Artigo 16. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia

1. Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do plan de convivencia.

2. O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

3. A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

4. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

5. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.

Artigo 17. Difusión do plan de convivencia

1. O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.
2. A consellería con competencias en materia de educación facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN, DIAGNÓSTICO PREVIO.-

O IES de Ortigueira é un centro educativo situado no Concello de Ortigueira, que dá servizo, como centro de referencia, á poboación dos Concellos de Ortigueira e de Mañón, e para o caso dos ciclos formativos, ao alumnado doutros concellos veciños que optan pola familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza.

Son varios os factores de influencia na nosa convivencia escolar:

A preocupación do centro pola implantación da FP Básica de madeira e moble mellorou a convivencia porque permitiu a incorporación do alumnado procedente do ensino secundario desmotivado academicamente. A inquietude colectiva pola recuperación desa motivación e pola iniciación na formación profesional diminuíu de xeito considerable os problemas de convivencia, que se inician de xeito maioritario no segundo curso da ESO.

A escolarización de alumnado tutelado pola Xunta de Galicia, procedente do centro ubicado no Concello de Mañón é outro factor a ter en conta. Este alumnado incorpórase a miúdo co curso xa iniciado. Isto supón a reestruturación dos grupos variando os plans previstos na organización inicial. Adoita ser necesario un período de adaptación, pois este alumnado vese inmerso nun cambio de centro, de residencia, ás veces de descoñecemento do idioma, de amizades e de persoas titoras, que substitúen o papel desempeñado polas súas familias. En ocasións, as circunstancias persoais do alumnado fan necesaria unha maior implicación colectiva na readaptación de comportamentos. Todo isto está a ser contemplado coma un importante elemento educativo para o alumnado e para o conxunto da comunidade educativa.

A experiencia do centro e dunha cada vez maior porcentaxe de membros do claustro e do persoal de administración e servizos en atención á diversidade constitúe sen dúbida outro factor que inflúe de xeito positivo na mellora dese clima de convivencia que debemos tratar de acadar en todos os centros educativos.

O traballo conxunto cos servizos sociais dos concellos de Ortigueira e de Mañón, e a presenza en Ortigueira dun Xulgado de primeira instancia e do centro de atención a persoas con necesidades educativas especiais (ASPROMOR) son tamén importantes factores facilitadores do traballo educativo.

A maior parte dos conflitos detectados no centro teñen que ver coas características propias da adolescencia, coa desmotivación para o estudo e o traballo, e coas problemáticas que poden aparecer no ámbito familiar, e se traducen en condutas disruptivas que acontecen sobre todo no primeiro ciclo da ESO e nos inicios de curso na FP básica.

Tamén se detectan en ocasións conflitos relacionados coa mala utilización das TIC, das redes sociais e con inicios no consumo de substancias nocivas para a saúde. As situacións que puideran derivar en acoso escolar son detectadas de xeito temperá, non sendo necesario, ata a data de aprobación deste plan, o inicio do protocolo establecido pola administración educativa.

Todas estas diversas casuísticas dan lugar a problemas de convivencia entre o

alumnado e o profesorado, entre o alumnado, e en moi contadas ocasións entre o alumnado e o persoal de administración e servizos.

Polo xeral, a conflictividade é reconducida correctamente coa aplicación das medidas correctoras, entre as que sempre ten un papel fundamental a comprensión, o diálogo educativo, e a paciencia necesaria para agardar os sempre lentos cambios conductuais, que requiren de tempo e experiencia docente na maior parte dos casos.

No centro houbo experiencias de traballo de creación de grupos de mediación, que nestes anos xa non están a funcionar ao concluímos que non había casos suficientes para manter esta ferramenta.

Tamén funciona, unha aula de convivencia inclusiva, atendida por profesorado que completa o horario, e que trata de resolver eses pequenos conflitos que se producen no día a día, a medida que van pasando as horas da xornada lectiva.

3.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Analizada a situación, o obxectivo fundamental do plan de convivencia é o de dar a resposta axeitada a estas situacións descritas no apartado anterior e a calquera outra máis ou menos puntual ou novidosa que inflúa na convivencia no centro.

Para acadar este obxectivo xeral trataremos de:

- Promover unha actitude participativa do alumnado mediante as diferentes canles que permiten as leis educativas e as normas do centro.
- Favorecer canles de diálogo e comunicación para solucionar calquera conflito.
- Traballar na adquisición de habilidades sociais para o afrontamento deses conflitos.
- Aplicar e promover a aplicación das normas pensando sempre no interese do alumnado, e de xeito especial na protección das persoas menores, atendendo sempre ás circunstancias persoais e favorecendo o carácter educativo e recuperador das medidas correctoras.
- Explicar ás persoas responsábeis do alumnado os obxectivos e estratexias do presente plan para acadar a implicación e a colaboración necesarias.
- Dar a coñecer á comunidade educativa os diferentes protocolos de actuación elaborados pola administración galega.

Tendo presentes eses obxectivos o Plan de convivencia será o resultado dunha **reflexión colectiva**, para que o **respeto dos dereitos e o cumprimento dos deberes** do alumnado, do profesorado, do persoal de administracións e servizos e das persoas responsábeis do alumnado menor de idade sexa un **obxectivo educativo** en si mesmo e

forme parte desa aprendizaxe necesaria para toda a comunidade.

Entendendo os conflitos como algo inherente á vida en común de todas as persoas que vivimos en sociedade, os nosos obxectivos serán a **prevención e a correcta xestión** e aprendizaxe para a solución axeitada dos mesmos, nun proceso que debe ir encamiñado **desde a axuda inicial cara a maior autonomía persoal** ao ir avanzando nas diferentes etapas educativas.

4.- DESCRICIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS A DESENVOLVER.-

Dividimos para a súa clasificación estas actuacións en dous grupos:

4.1.- Medidas preventivas e de sensibilización.-

Xa desde antes de que o alumnado chegue ao centro debemos dar a coñecer, desde este plan, toda a normativa que inflúe de xeito decisivo nunha convivencia apropiada entre os diferentes colectivos que compoñen a comunidade do IES de Ortigueira. Para acadar este obxectivo indícase aquí a localización destas normas fundamentais:

Dentro das normas de organización e funcionamento do IES de Ortigueira ([NOF](#)), a disposición de toda a comunidade educativa, están descritas as diferentes condutas específicas que deben ser coñecidas pola mesma para acadar unha boa organización, seguridade e convivencia no centro.

No título II da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa están recollidos [DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DIRECTA](#) dos diferentes colectivos que compoñen esta comunidade.

Dese xeito, e a maiores da necesaria publicidade permanente na páxina web do centro:

- A **primeira medida, en orde cronolóxica, é a realización de actividades de acollida**, que son fundamentais para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as st as familias, facilitando o inicio no coñecemento das NOF do centro e dos dereitos e deberes de convivencia e participación directa.

- A partires de aí, o artigo 25 das NOF do centro establece que, **entre as funcións do profesorado titor, estará a obrigatoriedade de formar ao alumnado no coñecemento destas normas** mediante actividades específicas para desenvolver no horario lectivo asignado para titoría. Esta **formación debe ser inicial**, xa desde as primeiras sesións de titoría, e adaptada ás diferentes etapas do desenvolvemento e ao grao de coñecemento do centro a medida que van avanzando os cursos.

Ao longo do curso deberán programarse:

- **Actividades para a sensibilización** fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa a través de charlas e campañas, coa colaboración de especialistas ou con outras actividades que se consideren e poidan ofertarse.

-**Actividades para prever, detectar, mediar e resolver** os conflitos. Educar para a convivencia supón promover a cultura de paz a través da difusión de valores e hábitos de convivencia democrática, especialmente a participación, o diálogo e a corresponsabilidade entre os diferentes integrantes da comunidade.

No desenvolvemento do Plan de Acción Titorial analizarase que actividades formativas son necesarias para seren desenvolvidas co alumnado, de xeito que poida ir aprendendo a resolver de xeito pacífico os conflitos mediante os seguintes pasos:

1. Saber o que é un conflito.
2. Manter a calma e reflexionar.
3. Identificar o problema, buscar información.
4. Buscar todas as solucións posibles.
5. Prever as consecuencias dos ditos e actos.
6. Poñerse no lugar do outro.
7. Seleccionar os mellores medios para conseguir o obxectivo proposto.
8. Chegar a un acordo no que todos gañen.

- **Establecemento** dun procedemento de resolución dos conflitos mediante un **sistema de mediación dimensionado** en función da conflictividade real.

-**Actividades de promoción da convivencia.**

- **Commemoración dos diferentes días sinalados pola administración educativa e de calquera outro que os órganos colexiados do centro consideren necesario** incluír que poidan ter influencia positiva na mellora da convivencia no centro.

-**Sensibilización da comunidade educativa en materia de igualdade** entre homes e mulleres, para prever posibles situacións de violencia de xénero e para acadar a coeducación. Neste ámbito teranse en conta estes principios básicos:

a)**Visibilidade.** Facer visíbeis as diferenzas entre alumnos e alumnas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións e facer visíbel a contribución das mulleres ao desenvolvemento das sociedades. Facer uso dunha linguaxe non discriminatoria en función do sexo.

b)**Transversalidade.** O principio de igualdade debe estar presente no conxunto de accións educativas e organizativas do centro.

c)**Inclusión.** Intentar corrixir os desaxustes producidos pola desigualdade, conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias.

d) **Valores democráticos** sobre os que se sustentan as sociedades para poderen

ser chamadas dese xeito.

e) **Igualdade de oportunidades** entre mulleres e homes.

- **Actividades encamiñadas á integración, participación e implicación** do alumnado, profesorado e familias.
- Fomento da **participación democrática** do alumnado a través dos seus representantes elixidos.
- Actividades específicas para favorecer a **convivencia nos espazos de lecer** e deportivos.

Para desenvolver este conxunto de actividades é necesaria a **coordinación** con todos aqueles organismos que teñan relación co alumnado e de xeito especial cos **servizos sociais, e sanitarios**.

4.2.- Medidas correctoras e procedementos de corrección.-

Nos Capítulos II e III e IV do Decreto 8/2015 están descritas as medidas e procedementos de corrección que constitúen a ferramenta ao servizo dos centros docentes para actuar naqueles casos en que a prevención non tivese os efectos desexados. Para facilitar a aplicación das medidas correctoras empregaranse os [modelos que facilita a administración galega](#), de xeito que o persoal do centro poida actuar coa necesaria seguridade xurídica.

4.3.- Medidas complementarias.-

A persoa titora de cada alumno, en colaboración co Departamento de orientación, desenvolverá **programas específicos** que contribúan á adquisición de **habilidades e competencias sociais**, mellorar a autoestima ou abordar outras temáticas, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia e coa finalidade de mellorar a integración do alumnado no centro.

4.3.1.- Aula de convivencia inclusiva.-

No artigo 6.3 das NOF dise que estarán organizados outros servizos non estábeis para cumprir co disposto no Artigo 25 do Decreto 8/2015 e facer efectivo o funcionamento da Aula de Convivencia inclusiva, atendida por profesorado de garda e/ou do Departamento de Orientación.

a) **Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.**

A dirección do centro é o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

Tamén poderá ser enviado a esta aula de convivencia no restante dunha sesión xa iniciada, aquel alumnado para o que o profesorado propoña a realización de traballos específicos en horario lectivo, como **decisión inmediata ante unha conduta leve contraria á convivencia no centro producida nesa sesión**, tal e como consta no modelo de [Documento de constatación de feitos](#) anexo ás NOF.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

A Aula de convivencia inclusiva do IES de Ortigueira será organizada cada curso académico en función da dispoñibilidade de recursos humanos e, no caso de non poder funcionar en toda a xornada lectiva, tratará de cubrir a parte final da mesma, por termos constatado que é o período no que é máis necesaria, ao aumentar a frecuencia das condutas disruptivas a medida que vai avanzando. Tamén poderán preverse outras organizacións como consecuencia de situacións concretas determinadas pola xefatura de estudos, a instancia de informes do Departamento de Orientación, ou de conclusións obtidas na avaliación inicial.

O profesorado do Departamento de orientación e o cargo directivo que estea de garda deberán colaborar naqueles casos nos que non haxa profesorado de garda suficiente para atender todas as necesidades.

c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsábeis e condutas positivas para a convivencia.

No plan de habilidades sociais elaborado polo Departamento de Orientación o profesorado pode obter as ferramentas necesarias para o traballo co alumnado. No inicio de curso haberá unha reunión para que o profesorado que vaia atender a aula de convivencia inclusiva poida familiarizarse coas diferentes estratexias de intervención.

d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A Aula de convivencia inclusiva estará localizada no departamento próximo á Sala do profesorado, de dirección e de xefatura de estudos, co fin de mellorar a

dispoñibilidade dos recursos humanos naqueles casos nos que non sexa posible a atención por parte do profesorado de garda.

Entre o material didáctico estarán todos aqueles que o Departamento de Orientación propoña á CCP, para poder acadar os obxectivos educativos propostos.

4.3.2.- Escola de nais e pais.-

No desenvolvemento normativo actual, en materia de convivencia, amósase grande interese polo papel que as familias do noso alumnado desenvolven en todo o seu proceso educativo e, polo tanto, trátase de ofrecer diferentes vías de participación.

Tendo en conta este desenvolvemento normativo, cómpre indicar que o plan de convivencia de cada centro podería recoller a creación da escola de nais e pais do centro, segundo se indica no artigo 27 do Decreto 8/2015.

Polo tanto créase a escola de nais e pais cos obxectivos de:

- Propoñer iniciativas para previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

Na concreción anual do Plan de convivencia recolleranse as actividades programadas para o funcionamento da Escola de nais e pais.

4.3.3.- Mediación escolar.-

O Departamento de Orientación asesorará e facilitará ás persoas titoras todo o material necesario, para o caso de que desexen traballar no grupo clase este método de resolución de conflitos entre iguais.

A dirección do centro poderá facilitar no futuro, con medidas organizativas, a nova constitución dun grupo de mediación, no caso de que o Consello escolar, á vista do informe da comisión de convivencia, valore a necesidade de retomar este traballo. Para iso valorarase a experiencia en mediación adquirida polo centro como consecuencia do traballo realizado no pasado.

En todo caso a dimensión da estratexia, con valor educativo por sí mesma, será proporcional á conflictividade real do centro, segundo a avaliación anual do estado da convivencia.

5.- PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.-

A administración educativa elabora protocolos específicos, necesarios para a mellora da convivencia do centro, que publica no espazo web **EDUCONVIVES**. Inclúense aquí Ligazóns específicas aos máis empregados para facilitar o seu coñecemento:

[Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.](#)

[Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.](#)

O Departamento de Orientación elabora:

[Programa de habilidades sociais](#) para o desenvolvemento na mellora desta competencia entre o alumnado.

6.- CONCRECIÓN TEMPORAL DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PREVISTOS NO PLAN.-

Con carácter xeral intentarase realizar cada curso escolar as seguintes actividades, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos que quedarán descritas no Plan Xeral Anual (PXA) en cada curso escolar:

1. Debate e discusión a principio de curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia co alumnado e as súas familias.

Responsable: Equipo Directivo e persoas titoras, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Metodoloxía: Charla e debate. Activa e participativa

Recursos: Material impreso

Espazos: Salón de actos e aula de titoría

Temporalización: Primeiro trimestre

2. Abordarase ao longo do curso calquera incidencia puntual que altere a convivencia do centro co alumnado implicado e a súa familia.

Responsable: Equipo Directivo e persoas titoras, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Resolución do conflito de forma dialogada, e no seu caso aplicación do RRI.

Metodoloxía: Democrática e participativa

Espazos: Centro

Temporalización: Durante todo o curso

3. Analizarase en tutoría a marcha da convivencia da clase unha vez ao final de cada trimestre, para analízalo logo nas Xuntas de Avaliación.

Responsable: Persoas titoras, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Debate na clase.

Metodoloxía: Democrática, participativa e consensuada.

Espazos: Aula de tutoría e sala do profesorado.

Temporalización: Unha vez ao trimestre na sesión de tutoría e outra na Xunta de Avaliación.

4. Tratarase na hora de tutoría, cando o titor o considere oportuno, calquera aspecto que afecte ás boas relacións e á convivencia do grupo, ou a parte del.

Responsable: Tutores, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Debate na clase, resolución do conflito de forma dialogada, e no seu caso aplicación das NOF

Metodoloxía: Democrática, participativa e consensuada

Espazos: Aula de tutoría

Temporalización: Durante todo o curso

5. Desenvolvemento de habilidades de comunicación entre o alumnado do centro.

Responsable: Tutores, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Materiais concretos para a súa utilización na aula

Metodoloxía: Activa e participativa

Espazos: Aula de tutoría

Temporalización: Cando se programe ao longo do curso

6. Fomentar os valores democráticos: A tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.

Responsable: Persoas titoras, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Materiais concretos para a súa utilización na aula

Metodoloxía: Activa e participativa

Espazos: Aula de tutoría

Temporalización: Cando se programe ó longo do curso

7. Sensibilización contra o maltrato entre iguais (Acoso)

Responsable: Persoas titoras, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Materiais concretos para a súa utilización na aula

Metodoloxía: Activa e participativa

Espazos: Aula de tutoría

Temporalización: Cando se programe ao longo do curso

8. Grupos de Mediación, no caso de que haxa iniciativa e se valore a necesidade.

Responsable: Equipo Directivo e profesorado do centro coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Formación e materiais concretos para a súa utilización na aula

Metodoloxía: Activa e participativa

Espazos: O centro

Temporalización: Curso completo.

9. Favorecerase unha dinámica activa nos procesos de avaliación, na que se dea participación ao alumnado. Primeiro á través da interacción dos grupos nas titorías, e segundo, a través da Xunta de persoas Delegadas.

Responsable: Persoas titoras, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Materiais concretos para a súa utilización na aula

Metodoloxía: Activa e participativa

Espazos: Aula de titoría

Temporalización: No período das Avaliacións

10. Propiciarase a mellor coordinación nos procesos tutoriais

Responsable: Equipo Directivo e Titores, coa colaboración do Departamento de Orientación.

Recursos: Plan de Acción Titorial

Metodoloxía: Reunións de coordinación

Espazos: Sala do profesorado

Temporalización: Cando se programe ao longo do curso

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA, DEREITOS E DEBERES.-

O coñecemento das normas de convivencia, o coñecemento das "reglas de xogo" é un dos primeiros obxectivos que debemos acadar ao participar no proceso educativo. Así está reflectido entre as medidas preventivas. O grao de afondamento neste coñecemento varía en función da etapa educativa e da idade e das capacidades cognitivas do alumnado. En calquera caso, o centro velará pola protección de todos os membros da comunidade educativa que, por descoñecemento dos dereitos e deberes derivados das diferentes situacións de desvantaxe, poidan ser marxinados no seu dereito a recibir un trato igualitario.

Nas seguintes ligazóns están as normas de organización, funcionamento e convivencia do IES de Ortigueira que concretan os dereitos e deberes de convivencia e participación directa establecidos pola administración educativa:

[Anexo 2 : NOF](#)

[Anexo 3: Dereitos e deberes de convivencia e participación directa \(Lei 4/2011\)](#)

8.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CENTRO E CORRECCIÓNS.-

Son condutas contrarias á convivencia do centro as establecidas no Título III do [Decreto 8/2015](#) e as que contradigan o disposto nas [NOF](#) do IES de Ortigueira.

Polo tanto, no antedito decreto:

- O Capítulo I, (artigos 32 a 37) describe os principios xerais e clasifica as condutas contrarias en leves ou gravemente prexudiciais.
- O Capítulo II, (artigos 38 a 41) explica as condutas gravemente prexudiciais e a súa corrección.
- O Capítulo III, (artigos 42 a 45) explica as condutas leves e a súa corrección.
- O Capítulo IV, (artigos 46 a 56) explica os dous procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais (conciliado e común) así como a prescrición das diferentes condutas e correccións.

9.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO -

Nun centro pequeno como o IES de Ortigueira as problemáticas que trata a comisión de convivencia poderían ser tratadas do mesmo xeito directamente nas reunións de Consello Escolar. Co fin de cumprir coa normativa constitúese esa comisión e establecerase o seu réxime de funcionamento que estará publicado na páxina web do centro segundo o disposto no artigo 6 do Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación na comunidade educativa. Esta é a ligazón:

[Composición da comisión de convivencia e réxime de funcionamento \(artigo 6 do Decreto 8/2015\)](#)

10.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN.-

A comisión de coordinación pedagóxica, cando se elabora a PXA analiza a idoneidade das actividades programadas polos diferentes departamentos. O claustro de profesorado que aproba a PXA, a Comisión de convivencia, e o Consello escolar, responsable da súa avaliación son os órganos colexiados que completan a información necesaria.

As xefaturas de estudos e o departamento de orientación levan a cabo o plan de acción tutorial e un seguimento da convivencia das distintas aulas co profesorado titor.

A información facilitada polas persoas responsábeis do alumnado nas reunións individuais de tutoría, ou nas sesións colectivas de acollida realizadas nos primeiros días de curso constitúen a retroalimentación necesaria para a análise da efectividade das accións.

Desde o centro hai unha relación de colaboración cos Servizos Sociais do Concello, coas

diferentes forzas e corpos de seguridade, cos Centros de Primaria adscritos, co centro de persoas menores do Barqueiro e co Xulgado de primeira Instancia de Ortigueira.

11.- ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.-

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados.

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantirá esta difusión, considerando entre as posibles canles para chegar a todas as persoas destinatarias:

- Consello escolar.
- Tutorías de persoas responsábeis do alumnado, sobre todo nas reunións de primeiros de curso.
- Reunións da xunta de persoas delegadas.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura na contorna do centro educativo.

Os medios para levar a cabo esta difusión serán:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis.
- A [PÁXINA WEB DO CENTRO](#) e o [ESPAZO ABALAR](#)
- Calquera outro medio que poida xurdir no futuro, incluídos foros de debate.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao longo do curso: cada vez que se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o

coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, para a proposta de actividades e para reforzar a implicación de máis persoas no proceso.

12.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, MELLORA.-

A avaliación do Plan de convivencia está regulada no artigo 16 do Decreto 8/2015.

Trátase de valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan accesíbeis, aplicábeis e eficaces e, de ser o caso, propoñer novas accións.

Estableceremos os mecanismos e indicadores para retroalimentación inmediata ou continua, e para a retroalimentación final que produza as melloras e adaptacións necesarias no curso, e ao longo dos cursos.

A comisión de convivencia ten a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste plan, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa. Polo tanto serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas que deben dar lugar aos axustes necesarios de xeito inmediato.

Para avaliar o plan de convivencia tomaranse como referencia as actuacións marcadas e as persoas ou órganos encargados de levalas a cabo.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- En relación co contorno social: relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social.
- En relación co contorno familiar: relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias.
- En relación co contorno escolar: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade.

Logo da avaliación da concreción anual do plan de convivencia e á vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes.

Ao final de cada curso, na memoria anual de centro figurarán as conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación, coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

Ademais do traballo realizado no centro, a consellería con competencias en materia de educación establece procedementos para que, a través de medios electrónicos ou telemáticos, poida procederse á recollida das incidencias en materia de convivencia nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Calquera conclusión obtida dese traballo externo constituirá información fundamental para a avaliación e mellora do plan.